



ACTA XUNTA DIRECTIVA

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnen-se o **sábado día 16 de Febreiro de 2020** no local social do Club Pesca Monforte, rúa Rosalia de Castro s/n, Monforte de Lemos, para trataren a seguinte

ORDE DO DÍA

1. Informe do Presidente.
2. Competicións de mar.
3. Participación nos Campionatos de España.
4. Elección de Delegados.
5. Xornadas técnicas.
6. Copa Deputación.
7. Rogos e preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 9:30 horas do día sinalado no encabezamento.

1.- Informe do Presidente.

O Presidente informa aos membros da xunta directiva sobre a derradeira Asamblea da FEPyC celebrada en Madrid.

Acordase por unanimidade seguir adiante coas alegacións ante a denuncia interposta.

O Presidente informa sobre o informe favorable da auditoría feita a FGEEC

Tamén informa que tras apertura de expediente, por diversas irregularidades, á Sociedade de Pesca Padrón e esgotadas as notificacións e prazos legais, esta quedou expulsada da FGPeC.

O Presidente comenta os contidos de diversas subvencións publicadas recentemente no DOG. Tralo análise dos seus contidos, acordase por unanimidade acudir a solicitude da axuda de equipamentos.

2.- Competicións de mar.

Nas competicións de Embarcación Fondeada, decídese que os participantes ingresen o importe do combustible na conta da FGPeC.

3.- Participación nos Campionatos de España.

O Presidente explica que os únicos deportistas con dereitos adquiridos para a participación nos Campionatos de España son os catro primeiros clasificados (1º no Autonómico e 1º, 2º, 3º no Selectivo); a partir de aí os demais deportistas teñen todos o mesmo dereito.

D. Manuel Mouzo Méndez

Presidente

D. Ramón Souto Pérez

Tesoureiro

Subdelegado A Coruña

Pte. Comité Mar Rocha e Embarcación fondeada

D. Jose Ramón Castro Varela

Delegado A Coruña

D. Javier Méndez Alonso

Pte. Comité Salmónidos

D. Manuel Rodríguez Meira

Presidente de Xuíces

D. Gabriel Fernández Vázquez

Delegado Ourense

Delegado Pontevedra

D. Benigno Fco. Rodríguez Bejarrano

Subdelegado Ourense

D. Pedro Bolaño Pérez

Pte. Comité Mar Costa/Corcheo e Spinning

Pte. Comité Auga Doce

D. Oscar Ramos Vazquez

Pte. Comité Black-Bass

D. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario



Baseándose no artigo 56 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, en caso de renuncia dun deportista a participar nun Campionato de España, será a FGPeC a que decida quen o substitue. O Presidente aclara que o total das bolsas de viaxe pertencen o conxunto de deportistas que compoñen a Selección Galega e non son divisibles entre os deportistas de maneira individual. Tamén comenta que a FEPyC non facilita ningunha factura cando cobra o cebo nos Campionatos de España. A partires de agora a FGPeC vai demandar aos seus deportistas solicitar a correspondente factura; de non ser esta facilitada pola FEPyC ou non lles permitir participar na proba correspondente, a FGPeC tomará as medidas oportunas perante a xustiza.

4.- Elección de Delegados.

O Presidente explica que a FGPeC ten dereito a ser representada na FEPyC por dous clubs e un deportista. Tras debate entre os membros da Xunta Directiva decídese por unanimidade que os representantes sexan:

Como deportista: Gabriel Fernández Vazquez

Como Clubs: Sociedade Pesca Deportiva Neria e Club Pesca Monforte.

5.- Xornadas técnicas.

A xornada técnica de Salmónidos mosca do 18 de Abril pasa a ser para os Xuvenis.

Queda pendente confirmar a nova data para a xornada tecnica para a categoría absoluta.

6.- Copa Deputación.

Tanto nos dous días do Autonómico de Auga doce coma do Selectivo de Auga doce vaise facer unha clasificación paralela valedeira para a Copa Deputación de Ourense.

Dita clasificación final constará de 16 mangas prevalecendo a regularidade. A inscrición será gratuita.

7.- Rogos e preguntas.

- Pregúntase polo curso de Xuices. Este esta aprazado para outubro ou novembro por falta de datas

- Oscar Ramos propón a creación dunha nova competición na modalidade de Black bass dende pato. Queda pendente de estudo.

Debátense outros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a xuntanza ás 10:22h.

Eu coma Secretario dou Fe.

Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

Vº e Prace:
Manuel Mouzo Méndez
Presidente